



CISPAC

Centro de Investigación Interuniversitario
das Paisaxes Atlánticas Culturais

PLAN DE ACCIÓN PARA A IGUALDADE DE XÉNERO NO CISPAC





CISPAC

Centro de Investigación Interuniversitario
das Paisaxes Atlánticas Culturais

ÍNDICE

1. Antecedentes	2
2. Eixos estratéxicos, obxectivos e acción	6
2.1. Eixo 1, cultura da igualdade: comunicación, sensibilización e visibilización	6
2.2. Eixo 2, investigación e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero	7
2.3. Eixo 3, gobernanza, violencia machista, conciliación e carreira profesional	8
3. Seguimento e avaliación	9



CISPAC

Centro de Investigación Interuniversitario
das Paisaxes Atlánticas Culturais

1. Antecedentes

O Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), nace cunha firme aposta pola igualdade de xénero. No seu plan estratéxico (*Plan Estratéxico CISPAC 2021-2025*)ponse de manifesto que a desigualdade de xénero continúa a ser un factor claramente presente nas dinámicas sociais. A concatenación de crises económicas iniciada co estalido financeiro do 2008 e continuada agora co impacto da pandemia da Covid-19, están a incrementar as diferenzas existentes de xénero, que se articulan con outras desigualdades por territorio, etnia e idade, en aspectos tales como o acceso aos servizos sanitarios, a habitabilidade da vivenda ou a calidade do desenvolvemento educativo. Segundo datos do McKinsey Global Institute recollidos en 125 dos 193 países membro da Organización de Nacións Unidas (ONU), os indicadores de igualdade de xénero téñense estancado globalmente dende o ano 2015, de xeito que non se perciben melloras en aspectos como a presenza das mulleres en funcións de liderado, o acceso a postos de traballo profesionalizados, a mellora do nivel educativo ou a autonomía financeira. En Europa, por exemplo, a capacidade adquisitiva media das mulleres, no 2020, foi inferior á dos homes nun 62% (*Plan Estratéxico CISPAC 2021-2025*, pp, 25-26).

A produción do coñecemento represéntase por medio de múltiples dimensións á hora de analizar a realidade humana. O sexo e o xénero constitúen tamén unha variable que cómpre ter en conta no campo epistemolóxico, e que condiciona o uso e o emprego da linguaxe, nos saberes tradicionais ou no saber científico que historicamente invisibilizaron ás mulleres. Bourdieu calificou como "dominación



CISPAC

Centro de Investigación Interuniversitario
das Paisaxes Atlánticas Culturais

masculina" a asimetría e as xerarquías de poder coexistentes entre homes e mulleres, o que abrangue non só a orde material, senón tamén a simbólica. Nese senso, o espazo, a paisaxe e a sociedade vense atravesados irremediabilmente por este tipo de lóxicas políticas derivadas da desigualdade de xénero: usos, itinerarios, mapas, segregacións, significados dicotómicos, mundo social, etc; configuran o territorio, a cultura e as sociedades. Estas desigualdades nas estruturas de poder teñen un reflexo nunha dimensión corpórea en clave de xénero que redunda no espazo social e ecolóxico como realidade sexuada (Plan Estratégico CISPAC 2021-2025, pp. 13-14).

A misión do CISPAC, tal e como figura no seu Plan Estratégico, fundaméntase en investigar, difundir, divulgar e promover solucións relacionadas coas transformacións sociais, económicas, culturais e ambientais, entre elas as relativas á desigualdade de xénero, que se reflectan na paisaxe, como marco no que se desenvolven e materializan algúns dos desafíos dos territorios por medio da investigación, para xerar coñecemento, e na transferencia, para xerar acción. A razón de ser do CISPAC non consiste só en levar a cabo investigación de calidade e excelencia, senón que pasa igualmente por achegar respostas epistémicas sobre o territorio a través dunha converxencia transdisciplinar na que interveñen as Ciencias sociais e humanas, cun claro impacto no conxunto da cidadanía, para xerar coñecemento, innovación e cambio. Para isto, o CISPAC estrutúrase como un espazo de ciencia e de cooperación nutrido por especialistas das tres universidades galegas co fin de fomentar programas formativos de alto nivel, liñas de investigación relevantes e accións de transferencia, sendo a igualdade de



CISPAC

Centro de Investigación Interuniversitario
das Paisaxes Atlánticas Culturais

xénero un dos retos fundamentais do centro. A inclusión constitúe un dos seus piares e valores corporativos (Plan Estratéxico CISPAC 2021-2025, pp.63-64).

O xénero constitúe unha das liñas de investigación protagonistas no CISPAC, como parte dun dos cinco campos da axenda científica do centro (*Paisaxes que teñen xente: sociedade, demografía e territorio*), sendo igualmente transversal ao resto de campos e de liñas de investigación, no estudo da gobernanza, das estratexias produtivas e reprodutivas, no desenvolvemento de base local ou do turismo, entre outras.

O CISPAC nace coa vontade de erixirse como un referente no desenvolvemento de coñecemento e na prestación de servizos especializados que permitan deseñar solucións, estratexias e políticas. Deste xeito, entre os obxectivos fundamentais deste Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais, está a elaboración de accións de transferencia en materia de igualdade de xénero.

En canto á gobernanza, o CISPAC ten como obxectivo acadar a paridade de xénero no órgano executivo, así como no Comité Científico, sendo un requisito indispensable no Consello Asesor Científico Externo (Science Advisory Board - SAB), tal e como figura no seu reglamento.

Este Plan de Acción ten como obxectivo visibilizar o compromiso do CISPAC coa igualdade de xénero. Busca integrar a perspectiva de xénero dentro das actividades do CISPAC, promover a igualdade de oportunidades na traxectoria laboral do persoal, e garantir a participación e a representación equilibrada nos



CISPAC

Centro de Investigación Interuniversitario
das Paisaxes Atlánticas Culturais

diferentes órganos de goberno e na toma de decisión, co obxectivo último de obter o Gender Equality European and International Standard (GEEIS) (Estándar Europeo e Internacional de Igualdade de Xénero).

Con esta vocación, o presente Plan constitúese como unha ferramenta fundada e complementada cos plans de igualdade dos que dispón cada unha das universidades do SUG:

- II Plan de Igualdade da UDC 2019-2022. Aprobado no Consello de Goberno do 3 de abril de 2019

https://www.udc.es/export/sites/udc/oficinaigualdade/_galeria_dow_n/documentos/II-PLAN-UDC_2019_2022.pdf_2063069294.pdf

- III Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da USC 2021-2024. Aprobado en Consello de Goberno o 28 de maio de 2021

<https://www.usc.gal/libros/es/categorias/1014-iii-plan-estratexico-de-igualdade-de-oportunidades-entre-mulleres-e-homes-da-usc-.html>

- III Plan de Igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2020-2024. Aprobouse na sesión do Consello de Goberno do 20 de novembro de 2020

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2021-06/20-24_plan_igualdade_es.pdf



CISPAC

Centro de Investigación Interuniversitario
das Paisaxes Atlánticas Culturais

2. Eixos estratéxicos, obxectivos e acción

Ou Plan conta con 3 eixos estratéxicos, cada un dos cales presenta unha serie de obxectivos e medidas de acción. En total ou Plan presenta 10 obxectivos e 18 accións.

2.1. Eixo 1, cultura da igualdade: comunicación, sensibilización e visibilización

Obxectivos:

- 1.1. Contribuir á sensibilización e visibilización sobre as desigualdades sociais de xénero e as súas causas
- 1.2. Impulsar o compromiso dos e das investigadoras, así como do persoal técnico e de xestión do CISPAC coa igualdade de xénero.
- 1.3. Promover a comunicación con perspectiva de xénero e transmitir unha imaxe igualitaria e plural.

Accións:

- 1.1.1. Celebrar o día da Muller (8 de marzo).
- 1.1.2. Organizar ou participar en seminarios, cursos e obradoiros relacionados coa igualdade de xénero.
- 1.2.1. Elaborar workshops/cursos de formación en materia de xénero para sensibilizar e fomentar o compromiso do persoal investigador, técnico e de xestión coa igualdade de xénero.
- 1.3.1 Utilización dunha linguaxe inclusiva na comunicación institucional, incluíndo a información da páxina web.



CISPAC

Centro de Investigación Interuniversitario
das Paisaxes Atlánticas Culturais

1.3.2. Desenvolver unha imaxe corporativa igualitaria.

2.2. Eixo 2, investigación e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero

Obxectivos:

- 2.1. Fomentar a inclusión da perspectiva de xénero na investigación.
- 2.2. Visibilizar o papel das mulleres e a súa contribución na investigación.
- 2.3. Impulsar a transferencia do coñecemento en materia de xénero.

Accións:

- 2.1.1. Organización ou participación das e dos investigadores do CISPAC en actividades formativas para a inclusión da perspectiva de xénero na investigación.
- 2.1.2. Promover o traballo transversal e a colaboración, dos e das investigadoras dos distintos campos e liñas de investigación do CISPAC, en materia de xénero
- 2.1.3. Potenciar a colaboración con redes e institutos de investigación que traballen en igualdade de xénero.
- 2.2.1. Integrar a variable sexo nos documentos, memorias, enquisas ou outras ferramentas para a contabilización da produción científica do CISPAC.
- 2.2.2. Visibilizar o papel das mulleres en actividades institucionais, científicas e propias do centro.



CISPAC

Centro de Investigación Interuniversitario
das Paisaxes Atlánticas Culturais

2.3.1. Promover a colaboración con institucións públicas, privadas e do terceiro sector para a transferencia do coñecemento en materia de igualdade de xénero.

2.3.2. Elaborar xornadas e obradoiros de traballo coa sociedade, sobre a base dos resultados da investigación desenvolta no CISPAC, en materia de igualdade de xénero.

2.3. Eixo 3, gobernanza, violencia machista, conciliación e carreira profesional

Obxectivos:

- 3.1. Fomentar a participación das mulleres na tomas de decisión.
- 3.2. Garantir a paridade nos órganos de xestión e consultivos do CISPAC.
- 3.3. Identificar e canalizar situacións de violencia machista.
- 3.4. Favorecer a conciliación e o desenvolvemento da carreira profesional das mulleres.

Accións:

- 3.1.1. Promover a presenza paritaria de homes e mulleres nos eventos, comités e actividades do CISPAC.
- 3.1.2. Coordinación e colaboración coas oficinas e unidades de igualdade de xénero das universidades do SUG.
- 3.2.1. Constitución dunha comisión de igualdade de xénero do CISPAC, formada por investigadores/as permanentes do centro, que determine as accións anuais en materia de xénero.



3.2.2. Promover a representación paritaria no órgano executivo do CISPAC, no comité científico e no Consello Asesor Científico Externo (SAB).

3.3.1. En caso de identificación de situacións de violencia machista, canalizaranse a través dos protocolos establecidos en cada unha das universidades do SUG:

USC: [PROTOCOLO USC](#)

UDC: [PROTOCOLO UDC](#)

UVIGO: [PROTOCOLO UVigo](#)

3.3.2. En materia de conciliación, desenvolvemento persoal e carreira profesional, seguiranse as accións desenvolvidas polas universidades do SUG.

3. Seguimiento e avaliación

A Comisión de Igualdade de Xénero do CISPAC será a encargada de realizar un seguimento periódico das actuacións e da súa avaliación.

EIXOS EXTRATEXICOS	OBXECTIVOS	ACCIÓNS
EIXO 1: CULTURA DA IGUALDADE: COMUNICACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E VISIBILIZACIÓN	1.1. Contribuír á sensibilización e visibilización sobre as desigualdades sociais de xénero e as súas causas	1.1.1. Celebrar o día da Muller (8 de marzo) 1.1.2. Organizar ou participar en seminarios, cursos e obradoiros relacionados coa igualdade de xénero.
	1.2. Impulsar o compromiso dos e das investigadoras, así como do persoal técnico e de xestión do CISPAC, coa igualdade de xénero.	1.2.1. Elaborar workshops/cursos de formación en materia de xénero para sensibilizar e fomentar o compromiso do persoal investigador, técnico e de xestión coa igualdade de xénero.



	1.3. Promover a comunicación con perspectiva de xénero e transmitir unha imaxe igualitaria e plural.	1.3.1 Utilización dunha linguaxe inclusiva na comunicación institucional, incluíndo a información da páxina web. 1.3.2. Desenvolver unha imaxe corporativa igualitaria.
EIXO 2: INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO CON PERSPECTIVA DE XÉNERO	2.1. Fomentar a inclusión da perspectiva de xénero na investigación.	2.1.1. Organización ou participación das e dos investigadores do CISPAC en actividades formativas para a inclusión da perspectiva de xénero na investigación.
		2.1.2. Promover o traballo transversal e a colaboración dos e das investigadoras dos distintos campos e liñas de investigación do CISPAC en materia de xénero
		2.1.3. Potenciar a colaboración con redes e institutos de investigación que traballen en igualdade de xénero.
		2.1.4. Convocar un premio á 'Mellor investigación en Ciencias Sociais e Humanas' en materia de xénero, en colaboración con entidades terceiras, co Consello Social, etc.
	2.2. Visibilizar o papel das mulleres e a súa contribución na investigación.	2.2.1. Incluír a variable sexo nos documentos, memorias e ferramentas de contabilidade da produción científica do CISPAC.
		2.2.2. Visibilizar o papel das mulleres en actividades institucionais, científicas e propias do centro.
2.3. Impulsar a transferencia do coñecemento en materia de xénero.	2.3.1. Promover a colaboración con institucións públicas, privadas e do terceiro sector para a transferencia do coñecemento en materia de igualdade de xénero.	
	2.3.2. Elaborar xornadas e obradoiros de traballo coa sociedade, sobre a base dos resultados da investigación desenvolvida no CISPAC, en materia de igualdade de xénero.	
EIXO 3: GOBERNANZA, VIOLENCIA MACHISTA, CONCILIACIÓN E	3.1. Fomentar a participación das mulleres na toma de decisións.	3.1.1. Promover a presenza paritaria de homes e mulleres nos eventos, comités e actividades do CISPAC.
		3.1.2. Coordinación e colaboración coas oficinas e unidades de igualdade de xénero das universidades do SUG.



CISPAC

Centro de Investigación Interuniversitario
das Paisaxes Atlánticas Culturais

CARREIRA PROFESIONAL	3.2. Promover a paridade nos órganos de xestión e consultivos do CISPAC.	3.2.1. Constitución dunha comisión de igualdade de xénero no CISPAC, cos investigadores/as permanentes.
		3.2.2. Promover a representación paritaria no órgano executivo do CISPAC, no comité científico e no Consello Asesor Científico Externo (SAB).
	3.3. Identificar e canalizar situacións de violencia machista.	3.3.1. En caso de identificación de situacións de violencia machista, canalizaranse a través dos protocolos establecidos en cada unha das universidades do SUG.
	3.4. Favorecer a conciliación e o desenvolvemento da carreira profesional das mulleres.	3.4.1. En materia de conciliación, desenvolvemento persoal e carreira profesional seguiranse as accións desenvolvidas por cada unha das universidades do SUG.



CISPAC

Centro de Investigación Interuniversitario
das Paisaxes Atlánticas Culturais

